



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 511
26 de xullo de 2019



CSV: BOPGDSPGuEp08570T6

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

■ Convocatoria da Deputación Permanente (29 de xullo de 2019, ás 13.00 horas) [167201](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de xullo de 2019, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia [167201](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de xullo de 2019, polo que se convoca o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia [167227](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de xullo de 2019, polo que se convocan probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e polo que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección [167245](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros en relación coa publicación do acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de xullo de 2019, sobre a Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia [167263](#)



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Convocatoria da Deputación Permanente (29 de xullo de 2019, ás 13.00 horas)

A Presidencia, logo da solicitude formulada polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e de En Marea, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 29 de xullo de 2019, ás 13.00 horas, coa seguinte orde do día:

Punto único. Solicitude de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno

52604 (10/SCDP-000004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

—Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta do nomeamento da señora Corina Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de xullo de 2019, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia

As medidas de planificación dos recursos humanos para ano 2018 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordado nas Mesas de Negociación, inclúe a provisión dunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

En cumprimento deste obxectivo e ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 16 do seu Estatuto de persoal, a Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 8 de abril de 2019, acordou convocar un proceso selectivo para ingresar por promoción interna no corpo superior do Parlamento de Galicia para cubrir a antedita praza e aprobar as bases correspondentes, segundo establece o artigo 39.1 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

O anuncio desta convocatoria publicouse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 462 do 16 de abril de 2019 e no *Diario Oficial de Galicia* número 84 do 3 de maio de 2019. O



prazo para a presentación de solicitudes para participar no antedito proceso selectivo rematou o pasado 23 de maio de 2019.

Ao non terse presentado ningunha solicitude no prazo establecido, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 4 de xuño de 2019, acordou declarar deserta a convocatoria por promoción interna e convocar un proceso selectivo en quenda libre para o ingreso nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Por todo iso, a Mesa do Parlamento de Galicia acorda aprobar as bases que rexerán esta convocatoria, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e o artigo 16 do seu Estatuto de persoal, e que son as seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. Normas xerais

1.1. O obxecto desta convocatoria é a selección dunha persoa para ingresar no corpo superior do Parlamento de Galicia e cubrir unha praza do grupo A, mediante acceso libre. O sistema selectivo será o de oposición.

1.2. Ao proceso selectivo seralle aplicable o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (DOG nº248, do 26 de decembro de 2007) e supletoriamente a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

1.3. O nomeamento no marco do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia conferiralle á persoa seleccionada, para todos os efectos, o carácter de funcionario/a de carreira do corpo superior do Parlamento de Galicia desde a data da toma de posesión, sen prexuízo do establecido na base oitava.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes

Para seren admitidas ao proceso selectivo, as persoas interesadas deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da toma de posesión como funcionaria/o, os seguintes requisitos:

2.1. Nacionalidade

Poderán participar no proceso selectivo:

- a) As persoas de nacionalidade española.
- b) As persoas nacionais dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- c) As persoas nacionais dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras/es.



d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes das persoas de nacionalidade española e das nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

2.2. Idade

Ter feitos os dezaseis anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.

2.3. Titulación

Estar en posesión ou en condición de obter o título universitario oficial de grao en calquera rama, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Tamén poderán acceder a este corpo as persoas que estean en posesión das titulacións de licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente.

As persoas interesadas con formación ou titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título ou da formación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións regulamentadas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

2.4. Capacidade funcional

Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións e tarefas correspondentes.

2.5. Habilitación

Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

No suposto de persoas nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Non poderán participar no proceso selectivo as persoas que xa pertencen ao corpo de funcionarios obxecto desta convocatoria.

Terceira. Solicitudes

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formular a súa solicitude segundo o modelo que figura no anexo II destas bases, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia www.parlamentodegalicia.gal



As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Parlamento de Galicia, na rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela, ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes tamén se poderán formular na sede electrónica do Parlamento de Galicia <https://sede.parlamentodegalicia.gal>

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia.

O prazo de presentación será de vinte días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3.1. Documentación

—Modelo de solicitude, segundo o anexo II, cuberto

—Fotocopia do DNI

—Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, no seu defecto, de ser o caso, documentación acreditativa de encontrarse nalgunha das situacións ás que fai referencia esta convocatoria susceptibles da exención do pagamento.

3.2. Dereitos de exame

O importe dos dereitos de exame será de 42,24 euros, que se aboarán mediante transferencia bancaria na conta corrente Abanca ES 50 2080 0388 21 3110000 502, na cal se indicará: «Taxas selección CSL» e o nome e apelidos e DNI da persoa aspirante.

Ás persoas aspirantes excluídas do proceso selectivo devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Non obstante, estará exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións ás que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3. Discapacidade

As persoas interesadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán solicitar, de seren necesarias e xustificadas, posibles adaptacións de tempo e medios especiais para a realización dos exercicios.

De ser o caso, deberán indicalo na súa solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e achegar coa solicitude a documentación acreditativa correspondente. De formular a solicitude por sede electrónica, para compulsa da documentación achegada será de aplicación o disposto no parágrafo final da base 8.1.



Cuarta. Admisión de persoas aspirantes

4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes a Presidencia do Parlamento de Galicia aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas inicialmente a través dunha resolución que será publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia www.parlamentodegalicia.gal, coas causas das exclusións, se for o caso.

4.2. As persoas aspirantes excluídas inicialmente dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

Quen, no prazo sinalado, non repare a causa de exclusión ou alegue a omisión será definitivamente excluído da participación no proceso selectivo.

4.3. Ao transcorrer o antedito prazo, a Presidencia ditará unha nova resolución pola que se aprobará a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa. A estimación ou desestimación das emendas achegadas entenderase implícita nesta resolución definitiva e a súa publicación servirá de notificación a quen presentase alegacións.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, a persoa interesada decaerá en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación neste procedemento.

Quinta. Tribunal cualificador

5.1. Composición

O tribunal cualificador do proceso será designado pola Presidencia do Parlamento de Galicia de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia. Non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exixida para a admisión ás probas. Na súa composición débese atender aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ás normas de igualdade de mulleres e homes.

A resolución do nomeamento será publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es



O tribunal poderá acordar solicitar á Oficialía Maior a incorporación de asesores e asesoras especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide necesario, que se limitarán a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales persoas asesoras deberáselle comunicar á Presidencia do Parlamento de Galicia.

5.2. Abstención e recusación

Os membros do tribunal deberán absterse ou poderán ser recusados por calquera persoa interesada, e particularmente polas persoas aspirantes, cando concorran algún dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo e escala a que corresponde a praza obxecto desta convocatoria, nos cinco anos anteriores ao da súa publicación. Neste caso, deberánllo comunicar á Presidencia do Parlamento.

Cando se produza esta situación, e consecuentemente a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto e a Presidencia designará un novo ou unha nova suplente.

A persoa que presida o tribunal, na sesión de constitución, deberá facer, e solicitarlles aos demais membros do tribunal e, de ser o caso, tamén ás persoas asesoras previstas na base 5.1 que a fagan, unha declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas nos parágrafos anteriores

5.3. Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da maioría dos seus membros e será necesaria, en todo caso, a presenza do presidente ou da presidenta e do secretario ou da secretaria.

As decisións do tribunal adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal redactarase a acta coa sinatura do secretario ou secretaria e o visto e prace do presidente ou presidenta.

Correspóndenlle ao tribunal cualificador as funcións relativas á determinación concreta do contido dos exercicios e a cualificación das persoas aspirantes, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. O tribunal queda facultado para resolver todas as dúbidas que xurdan na interpretación e aplicación das normas contidas nas bases da presente convocatoria, e para determinar a actuación procedente nos casos non previstos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas que permitan que as persoas aspirantes con algunha discapacidade que así o indicasen na solicitud poidan participar nas probas en igualdade de condicións que o resto das persoas participantes.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao da praza convocada. Será nula de pleno dereito calquera proposta de selección que o contraveña.



Para efectos de comunicacións e posibles incidencias, o tribunal cualificador terá a súa sede no domicilio oficial do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela.

Sexta. Proceso de selección

O sistema de selección será o de oposición. Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo I a estas bases.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, na data de publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do nomeamento do tribunal, estean publicadas oficialmente no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que fosen derogadas parcial ou totalmente, nas condicións temporais do parágrafo anterior, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total.

6.1. Exercicios

A proba selectiva consistirá na realización de catro exercicios eliminatorios e obrigatorios, salvo a excepción establecida para o cuarto exercicio, que se refire no apartado 6.1.4 .

6.1.1. Primeiro exercicio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento vinte (120) preguntas tipo test, máis seis (6) preguntas de reserva para o caso de que se anule algunha das primeiras, todas elas referidas ao contido do temario que se inclúe como anexo I.

Por cada pregunta formularanse catro (4) respostas alternativas, das que só unha delas será a correcta. Este exercicio valorarase de 0 a 36 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de dezaioito (18) puntos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que por cada resposta incorrecta se descontará un terzo dunha resposta correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de cento cincuenta (150) minutos.

6.1.2. Segundo exercicio. Só para as persoas aspirantes que superasen o primeiro exercicio.

Suposto práctico, con dúas partes, sobre as seguintes materias:

- Dereito administrativo
- Emprego público, xestión de persoal e dereito laboral
- Contratación administrativa
- Facenda pública e xestión económica

— Primeira parte: consistirá na realización dun caso práctico tipo test, que consistirá en contestar trinta (30) preguntas, con catro (4) respostas alternativas, das que só unha delas será a correcta, máis catro (4) preguntas de reserva, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal.



O tempo máximo de duración desta parte do exercicio será de sesenta (60) minutos.

Esta primeira parte cualificarase de 0 a 18 puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o que se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un terzo duna resposta correcta.

— Segunda parte: consistirá en desenvolver un suposto práctico.

Neste suposto práctico as persoas aspirantes poderán levar e consultar os textos legais que estimen oportuno. Admítense as versións consolidadas, aquelas nas que figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas sempre que non inclúan ningunha outra información, comentario doutrinal ou referencia xurisprudencial.

Esta segunda parte cualificarase de 0 a 18 puntos. Correspóndelle ao tribunal determinar a súa puntuación atendendo á correcta resolución do suposto, aos coñecementos reflectidos, á claridade, á orde de ideas e á calidade da expresión escrita.

O tempo máximo de duración desta parte do exercicio será de sesenta (60) minutos.

O tribunal poderá determinar a realización das dúas partes do exercicio na mesma sesión, sen prexuízo de que poida dispor dunha pausa entre unha e outra.

A cualificación deste segundo exercicio será a suma das puntuacións das dúas partes e para superalo será necesario obter un mínimo de dezaioito (18) puntos.

6.1.3. Terceiro exercicio. Só para as persoas aspirantes que superasen os dous exercicios anteriores.

As persoas aspirantes deberán desenvolver por escrito autógrafo tres (3) temas, elixidos entre seis (6) propostos polo tribunal de entre os que forman o contido do programa que figura como anexo I destas bases, do xeito seguinte:

— 1 tema, que se elixirá entre dous propostos, entre os temas do bloque IV e V (do tema 21 ao tema 65).

— 1 tema, que se elixirá entre dous propostos, entre os temas do bloque VI e VII (do tema 66 ao tema 85).

— 1 tema, que se elixirá entre dous propostos, entre os temas do bloque VIII, IX e X (do tema 86 ao 118).

O tempo máximo de duración deste exercicio será catro horas e media (4h 30m).

Este exercicio cualificarase de 0 a 18 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de nove (9) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

O tribunal cualificará este exercicio valorando os coñecementos reflectidos, o enfoque axeitado dos temas, a claridade e orde de ideas e a calidade da expresión escrita.



6.1.4. Cuarto exercicio. Só para as persoas aspirantes que superasen os tres exercicios anteriores.

Consistirá na realización de dúas traducións, unha do castelán para o galego e outra do galego para o castelán, durante o prazo máximo de unha (1) hora.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto, tendo en conta os niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga 4.

Están exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten a posesión do Celga 4 ou curso de perfeccionamento de coñecemento da lingua galega, ou a correspondente validación expedida polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Os documentos que xustifiquen a exención (orixinais ou fotocopias compulsadas ou documentos verificables electronicamente), de non constaren en poder da Administración parlamentaria, deberán ser presentados polas persoas aspirantes que superen o terceiro exercicio no prazo máximo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación das cualificacións.

Coa convocatoria para a realización deste exercicio publicarase unha listaxe das persoas que están obrigadas a facelo. A non aceptación da solicitude de exención entenderase implícita na inclusión nesta listaxe e a súa publicación servirá de notificación a quen teña solicitada a exención.

6.2. Desenvolvemento dos exercicios

O primeiro exercicio deberá realizarse no prazo máximo de corenta (40) días hábiles contados desde o día seguinte ao da constitución do tribunal.

Entre a realización dun exercicio e o seguinte deberán transcorrer un mínimo de 5 días hábiles.

A convocatoria da realización dos sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal, e publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia, polo menos corenta e oito horas (48 h) antes da data e hora sinaladas para o seu inicio.

As persoas aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio, provistas do documento nacional de identidade ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento, e será excluído da oposición quen non compareza.



Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia ca a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e os colaboradores e colaboradoras designados por este, se for o caso.

Os exercicios distribuiranse en galego. Porén, tamén se lles distribuirán en castelán ás persoas aspirantes que así o soliciten.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar proceder á súa exclusión.

Os exercicios realizados non levarán ningunha marca ou sinal que permita identificar o seu autor ou autora. O tribunal facilitará a cada persoa aspirante dous sobres para introducir de xeito independente o exercicio realizado e a identificación do seu autor ou autora. Os sobres pecharanse e gramparanse conxuntamente, diante da persoa interesada.

As persoas aspirantes non poderán acudir ao recinto do exame provistas de teléfono móbil, obxectos ou demais dispositivos de carácter electrónico.

Ao remate das probas que consistan na contestación dun cuestionario, cada persoa aspirante poderá anotar e levar a relación das súas respostas.

6.3. Cualificacións

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

As persoas participantes poden presentar, nos tres días hábiles seguintes á realización de cada exercicio, as reclamacións que estimen oportunas referidas ás preguntas e o seu contido. Se o tribunal, de oficio ou con base nalgunha reclamación, anula algunha das preguntas, substituiranse por orde polas de reserva incluídas no mesmo cuestionario. Esta decisión publicarase xuntamente coas cualificacións do exercicio.

No prazo das vinte e catro horas seguintes á realización de cada exercicio tipo test publicarase o seu contido e as respostas correctas no portal web corporativo.

As cualificacións de cada un dos exercicios publicaranse na páxina web do Parlamento de Galicia e no taboleiro de anuncios da Administración parlamentaria.

A cualificación final da oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos diferentes exercicios e para superar a fase da oposición será preciso acadar, polo menos, 45 puntos e ter a cualificación de apto no cuarto exercicio, sen prexuízo das excepcións establecidas no apartado 6.1.4.



Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a puntuación da oposición publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal. Concederase, a partir dese momento, un prazo de dez días para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas ante o tribunal.

Sétima. Listaxe de cualificacións finais

7.1. Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a resolución do tribunal coa relación das persoas aspirantes que superaron os tres exercicios e acadaron o resultado de apto no terceiro, coa puntuación total obtida, publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

O proceso selectivo só será superado pola persoa que acade a maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, os criterios para resolver esa situación serán por orde os seguintes:

- a puntuación máis alta no segundo exercicio
- a puntuación máis alta no primeiro exercicio
- a puntuación máis alta no terceiro exercicio
- por orde alfabética do primeiro apelido comezando pola letra L, de conformidade co sorteo realizado e publicado na web corporativa.

Na súa resolución o tribunal propondrá á Mesa do Parlamento a aprobación do proceso selectivo e o ingreso da persoa que o supere no corpo superior do Parlamento de Galicia, como persoal funcionario de carreira.

Concederase un prazo de dez días, contados desde o día seguinte á data de publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución do tribunal, para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas.

7.2. A Mesa do Parlamento adoptará o acordo de finalización do proceso selectivo e de aprobación do seu resultado co ingreso da persoa proposta no corpo superior do Parlamento de Galicia, como persoal funcionario de carreira. Este acordo publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa e notificaráselle á persoa seleccionada.

Para asegurar a cobertura da vacante, se se produce a renuncia da persoa seleccionada antes do seu nomeamento ou toma de posesión convocarase á seguinte persoa da listaxe por orde de puntuación para que ocupe o seu lugar. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos de persoas aspirantes na situación que se refire no parágrafo final da base oitava desta convocatoria.

Oitava. Presentación de documentos

8.1. A persoa aspirante que supere o proceso selectivo deberá presentar ante a Presidencia do Parlamento, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria, no prazo



de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación do proceso selectivo pola Mesa do Parlamento de Galicia, a seguinte documentación:

a) Fotocopia cotexada do título exixido na base 2.3 ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a nin despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separado/a ou inhabilitado/a, nin pertencer ao mesmo corpo, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

c) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes función e tarefas.

No caso de presentación por sede electrónica a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeneral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

8.2 A persoa que, dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior libremente apreciados pola Presidencia, non presente a documentación ou que despois de examinala se deduce que non cumpre algún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderá ser nomeada persoal funcionario de carreira e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorra por falsidade na solicitude inicial. Neste caso, seguirase o procedemento establecido no parágrafo final da base sétima.

Novena. Nomeamento

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, a persoa seleccionada será nomeada por resolución da Presidencia funcionario ou funcionaria de carreira. Este nomeamento notificaráselle á persoa interesada e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

No prazo dun mes, contado desde o día seguinte á publicación, a persoa nomeada deberá tomar posesión ante a Presidencia do Parlamento e realizar o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, de obediencia ás leis e de exercer imparcialmente as súas funcións.



De non facerse efectiva a toma de posesión dentro do prazo establecido, por causa imputable á persoa interesada, producirá o decaemento do seu dereito a adquirir a condición de persoal funcionario de carreira neste proceso selectivo.

Décima. Lista de espera para substitucións

As persoas incluídas na listaxe definida na base 7.1 que non superaron o proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas.

Décimo primeira. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

ANEXO I

TEMARIO PARA INGRESAR POR OPOSICIÓN LIBRE NO CORPO SUPERIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA

I. DEREITO CONSTITUCIONAL

1. A Constitución española de 1978. Estrutura e principios básicos. O Estado Español como estado social e democrático de dereito. O Estado autonómico. A reforma da Constitución.
2. O procedemento lexislativo. As leis orgánicas. As disposicións do Goberno con forza de lei: decretos lei e decretos lexislativos.
3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Dereitos e deberes dos cidadáns. Sistemas de protección dos dereitos e liberdades.
4. As institucións básicas do Estado (1). A Coroa. As Cortes Xerais: elección, composición e funcións do Congreso dos Deputados e do Senado. O Goberno: organización, estrutura e funcións.
5. As institucións básicas do Estado (2). O poder xudicial: configuración constitucional; o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Tribunal Supremo, o Ministerio Fiscal, os Tribunais



Superiores de Xustiza. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. As institucións básicas do Estado (3). O Tribunal Constitucional, composición, competencias, organización e funcións. O control de constitucionalidade das normas con forza de lei. O recurso de inconstitucionalidade e a cuestión de inconstitucionalidade. O recurso de amparo. Os conflitos de competencias. A participación da Comunidade Autónoma na composición do Tribunal Constitucional.

7. A organización territorial do Estado. Os estatutos de autonomía. A organización institucional das comunidades autónomas. A delimitación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Relacións de cooperación e de coordinación e sistema de resolución de conflitos.

8. A Administración local. O municipio. A provincia. A organización municipal e provincial. Distribución de competencias. Outras entidades locais.

II. DEREITO COMUNITARIO E INSTITUCIÓNS EUROPEAS

9. Fontes do dereito comunitario. Regulamentos, directivas e decisións. As recomendacións e os ditames. Sistema de atribución de competencias á Unión Europea e as competencias dos Estados membros. Especial referencia ás relacións entre o Estado e comunidades autónomas na aplicación do dereito comunitario.

10. As institucións da Unión Europea. O Parlamento Europeo. O Consello Europeo. A Comisión Europea. O alto representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade. O Tribunal de Xustiza. O Tribunal de Contas. O Comité Económico e Social. O Comité das Rexións. Outras institucións e órganos.

11. Os parlamentos nacionais e autonómicos na Unión Europea. Funcións no proceso de toma de decisións da Unión. Control da adecuación das propostas lexislativas aos principios de subsidiariedade e proporcionalidade. A Comisión Mixta para a Unión Europea das Cortes Xerais. A participación do Parlamento de Galicia no proceso e o seu procedemento.

III. DEREITO AUTONÓMICO DE GALICIA

12. A autonomía galega. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura, contido e natureza xurídica. O Estatuto como norma autonómica e como norma do Estado. A reforma do Estatuto.

13. Ordenamento xurídico de Galicia. Leis de Galicia. Decretos lexislativos. Regulamentos. O réxime xurídico do exercicio das competencias autonómicas. Aplicación do dereito galego.

14. Bases fundamentais da autonomía galega. O territorio. Os símbolos. O recoñecemento da galegitude. A condición de galego. Os dereitos dos cidadáns galegos e as súas garantías. Os dereitos lingüísticos dos cidadáns galegos.

15. Organización política da Comunidade Autónoma de Galicia. As institucións de auto-goberno de Galicia.



16. A presidencia da Xunta. Estatuto, mandato e competencias. A Xunta de Galicia. Composición, estrutura e funcionamento. Os conselleiros e as conselleiras: competencias, designación, estatuto, mandato, responsabilidade e cesamento.

17. A organización administrativa da Comunidade Autónoma. Principios estatutarios e legais de organización administrativa. A organización da Administración xeral da Comunidade Autónoma: órganos directivos, órganos territoriais e unidades administrativas. As corporacións de dereito público de Galicia. As entidades instrumentais do sector público autonómico. O exercicio da potestade regulamentaria pola Administración e do Goberno de Galicia. A acción exterior da Xunta de Galicia. Lei 16/ 2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

18. Outras institucións e órganos e a súa relación co Parlamento de Galicia (1). O Consello de Contas: composición, competencias e funcións. O Valedor do Pobo: competencias e funcións. Regulamento de organización e funcionamento. Informes do Valedor do Pobo. Resolucións do Valedor do Pobo

19. Outras institucións e órganos e a súa relación co Parlamento de Galicia (2). Procedementos de elección, designación e propostas de nomeamento. Valedor do Pobo. Conselleiros do Consello de Contas. Senadores representantes da Comunidade Autónoma no Senado. Consello Galego de Universidades. Corporación Radio e Televisión de Galicia. Consello Económico e Social. Consello Consultivo de Galicia.

20. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado. A Comisión Mixta de Traspasos.

IV. DEREITO PARLAMENTARIO

21. As fontes do dereito parlamentario. A Constitución. O Estatuto de autonomía de Galicia. Regulamento do Parlamento de Galicia: estrutura e interpretación. Acordos interpretativos e normas complementarias. Outras fontes. Normas de réxime interior relativas á organización e ao funcionamento do Parlamento. Os precedentes, os usos e os costumes parlamentarios.

22. A sesión constitutiva do Parlamento de Galicia. A convocatoria e o desenvolvemento da sesión constitutiva. A Mesa de Idade. A elección da Mesa do Parlamento. A sesión solemne de apertura da lexislatura. A disolución do Parlamento.

23. Estatuto dos deputados e das deputadas (1). Adquisición da condición plena. A presentación da credencial. A declaración de incompatibilidades. O xuramento ou a promesa. Dereitos e deberes. A inviolabilidade e a inmunidade.

24. O Estatuto dos deputados e das deputadas (2). O Rexistro de Intereses da Cámara. A salvagarda dos dereitos pola Presidencia da Cámara. A disciplina parlamentaria. Obrigas e sancións. Suspensión e perda da condición.

25. Os grupos parlamentarios. Constitución, composición e funcionamento. O grupo parlamentario mixto. Singularidades na composición dos grupos parlamentarios. Os medios



materiais postos á disposición dos grupos. O financiamento dos grupos e a súa publicidade. O control externo das subvencións e a rendición de contas.

26. Os órganos de goberno do Parlamento. A Presidencia: funcións. Réxime de suplencia. A Mesa. Composición e funcións. A Xunta de Portavoces, composición e funcións. Réxime de funcionamento.

27. Os órganos funcionais (1). O Pleno. Composición. Convocatoria. A execución dos acordos. A Deputación Permanente: funcións. Composición. Réxime de funcionamento. As ponencias e os grupos de traballo.

28. Os órganos funcionais (2). As comisións. Composición. Competencias e réxime de funcionamento. Tipoloxías. As comisións permanentes lexislativas e non lexislativas. Especificidades. As comisións especiais.

29. Os procedementos parlamentarios de natureza normativa. Os procedementos lexislativos ordinarios e especiais. A iniciativa lexislativa. A tramitación dos proxectos de lei e das proposicións de lei. O proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia: marco de tramitación, debate e aprobación.

30. A Xunta como destinataria da confianza parlamentaria. A investidura. A moción de censura. A cuestión de confianza. A delegación lexislativa na Comunidade Autónoma de Galicia. As comunicacións da Xunta de Galicia. O debate de política xeral.

31. Os procedementos de control e impulso. As proposicións non de lei e as mocións. Emendas. Debate. Os procedementos de control económico e orzamentario. A conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma. As modificacións orzamentarias. O límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma.

32. Os procedementos relativos ás relacións do Parlamento con outras institucións e órganos: Memoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia. Tribunal Constitucional: recursos de inconstitucionalidade; cuestións de inconstitucionalidade; recursos de amparo. Unión Europea: control da aplicación do principio de subsidiariedade nas iniciativas lexislativas europeas; rede de seguimento da subsidiariedade do Comité das Rexións.

33. A autonomía administrativa do Parlamento de Galicia. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia. A estrutura orgánica da Administración parlamentaria. As unidades administrativas. Os órganos da Administración parlamentaria. O réxime xurídico administrativo. Réxime xurídico das súas disposicións administrativas. O procedemento administrativo na Administración parlamentaria.

34. A xestión económica e financeira na Administración parlamentaria: Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo. O orzamento do Parlamento de Galicia: contido, elaboración, aprobación e prórroga. Os créditos e as súas modificacións. A execución e liquidación do orzamento. Os principios de actuación contable e a conta xeral do Parlamento de Galicia. O control e a fiscalización da xestión económica e financeira.



V. DEREITO ADMINISTRATIVO

35. A Administración pública. Actividade administrativa e actividade política. O dereito administrativo. O réxime administrativo: sistemas; trazos fundamentais do español. A consideración non xurídica da Administración: a ciencia da Administración. Transparencia e boas prácticas na actuación da Administración.

36. O regulamento administrativo: concepto e natureza. Fundamento da potestade regulamentaria. Clasificación dos regulamentos. Procedemento de elaboración dos regulamentos: normativa estatal e autonómica.

37. A eficacia normativa do regulamento: a súa inderrogabilidade singular. Os actos administrativos xerais e as instrucións e ordes de servizo. A impugnación dos regulamentos na doutrina e no noso dereito positivo.

38. Os principios de reserva de lei, de xerarquía normativa e de competencia. Nulidade de pleno dereito das disposicións administrativas por infracción daqueles principios. Outras fontes do dereito administrativo.

39. As potestades administrativas, o principio de legalidade e as súas manifestacións. A actividade administrativa discrecional e os seus límites. Control da discrecionalidade: estudo especial da desviación de poder. Os conceptos xurídicos indeterminados. A discrecionalidade técnica.

40. O administrado. Dereitos públicos subxectivos e intereses lexítimos: conceptos e diferenzas. Clasificación dos dereitos públicos subxectivos. Situacións xurídicas pasivas. As prestacións do administrado. Colaboración dos administrados coa Administración pública.

41. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (1). Principios xerais. A capacidade de obrar ante as administracións públicas. O interesado, representación, identificación e sinatura.

42. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (2). A actividade das administracións públicas. Normas xerais de actuación. Os prazos. Os actos administrativos, requisitos e eficacia. Obriga de resolver e silencio administrativo. As notificacións e as publicacións. Nulidade e anulabilidade.

43. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (3). O procedemento administrativo común: dereitos do interesado e fases do procedemento. A execución das resolucións.

44. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (4). A revisión de oficio. Os recursos administrativos: concepto e clases. A iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria das administracións.

45. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (1). A organización administrativa do sector público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento. Os órganos administrativos. A competencia. Os órganos colexiados. A potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial das administracións públicas.



46. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (2). Os convenios administrativos: tipoloxía. Requisitos de validez, contido, duración e extinción. As relacións interadministrativas: principios xerais. O deber de colaboración: técnicas de colaboración. Relacións de cooperación: técnicas de cooperación.

47. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (3). A Administración xeral do Estado. Organización e estrutura. Órganos superiores e directivos. Organización territorial da Administración xeral do Estado.

48. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (4). O sector público institucional do Estado: os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, as autoridades administrativas independentes, as sociedades mercantís, os consorcios, as fundacións do sector público e os fondos sen personalidade xurídica.

49. A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014: os principios da contratación do sector público.

50. Sector público contractual: poderes adxudicadores que son administración pública, poderes adxudicadores que non son administración pública, entidades do sector público que non son poder adxudicador. Cualificación dos contratos do sector público: obxecto, marco de actuación e limiares. Contratos administrativos e contratos privados. Xurisdición competente.

51. Necesidade e idoneidade dos contratos. Eficiencia. Prazo. Requisitos e contido mínimo dos contratos. Perfeccionamento dos contratos. Réxime de invalidez: causas de nulidade, de anulabilidade e revisión de oficio dos contratos. Efectos.

52. O recurso especial, procedementos e prazos. Efectos da interposición do recurso. Tramitación, resolución e o seus efectos. A competencia para contratar. Aptitude para contratar co sector público: acreditación. Capacidade e solvencia do empresario. Clasificación das empresas. Prohibición para contratar.

53. Obxecto do contrato. O orzamento base de licitación. Valor estimado e prezo. Garantías exigibles aos contratos celebrados coas administracións públicas.

54. Preparación dos contratos. O expediente de contratación. Tramitación. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Condicións de subrogación nos contratos de traballo. Responsable do contrato.

55. A adxudicación dos contratos. Procedementos e modalidades. Características, tramitación e adxudicación. Anuncios, prazos e presentación de proposicións. Criterios de adxudicación. Clasificación das ofertas e adxudicación dos contratos. Adxudicación e formalización dos contratos.

56. Efectos e cumprimento dos contratos administrativos. Ampliación de prazos. Pagamento do prezo. Obrigas. Modificación dos contratos. Modificacións previstas e non previstas nos pregos de cláusulas administrativas. Suspensión e extinción. Causas de resolución e os seus efectos. Subcontratación.



57. A racionalización da contratación. Acordos marco: procedemento e adxudicación. Sistema dinámico de adquisición. Incorporación de empresas. Adxudicación.

58. O contrato de obras. O proxecto de obras, contido e supervisión. A implantación (*replanteo*). A execución das obras. Certificacións e aboamentos á conta. A modificación do contrato de obras. Recepción e garantía. Responsabilidade do contratista. Resolución.

59. O contrato de subministración. Entrega e recepción. Pagamento do prezo. Garantía. Resolución.

60. O contrato de servizos. Determinación do prezo. Execución do contrato. Causas de resolución.

61. Os órganos de contratación. As mesas de contratación: a Mesa de contratación da Administración do Parlamento de Galicia. Os órganos consultivos en materia de contratación.

62. Os rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas. Rexistro de contratistas do sector público. Plataformas de contratación do sector público. Normas para a utilización dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de contratación. Normas relativas aos medios de comunicación que se empreguen nos procedementos de contratación. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de outubro de 2013, polo que se aproban as Normas para a utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública na Administración do Parlamento de Galicia (BOPG nº 170, do 2 de outubro de 2013, modificadas por Acordo da Mesa do 2 de decembro de 2013).

63. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento: ámbito de aplicación. Concepto de subvencións. A concorrência competitiva e a concesión directa. Negocios incluídos e excluídos da Lei xeral de subvencións. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Bases reguladoras das subvencións. Tramitación e resolución. A regulación das subvencións no Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia.

64. A Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Concepto de patrimonio de Galicia. Clasificación de bens. Incorporación de bens e dereitos. Cambio de titularidade. Xestión patrimonial: adquisición, competencia e procedemento. Doazóns e comodatos.

65. Normativa reguladora en materia de igualdade. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a súa incidencia na Administración pública. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

VI. EMPREGO PÚBLICO, DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL

66. A función pública. Concepto. Natureza e contido da relación xurídica entre a Administración e os empregados/as públicos. Normas constitucionais. Distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas.



67. Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. O persoal ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes. Código de conduta. Adquisición e perda da relación de servizo. Ordenación da actividade profesional. Situacións administrativas. Réxime disciplinario. Cooperación entre as administracións públicas.

68. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (1). Principios informadores e ámbito de aplicación. Competencias en materia de persoal. Clases de persoal, concepto, funcións e requisitos. A estrutura do emprego público. Planificación. A oferta de emprego público.

69. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (2). A selección dos empregados públicos, principios xerais. Requisitos de acceso e procesos selectivos. Adquisición da relación de servizo. Perda e renuncia. Dereitos e deberes individuais dos empregados públicos. Dereitos económicos e protección social. As situacións administrativas.

70. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (3). A promoción profesional. A mobilidade. Dereitos colectivos dos empregados públicos. Negociación colectiva. Representación e participación. Órganos e procedementos. Réxime disciplinario, sancións e procedementos.

71. Estatuto de persoal da Administración parlamentaria (1). Obxecto e ámbito de aplicación. Órganos de persoal. Clasificación do persoal da Administración do Parlamento de Galicia e rexistro de persoal. Comezo e extinción da relación de servizo. Planificación e ordenación do persoal da Administración do Parlamento de Galicia. Provisión de postos e mobilidade. Acceso ao emprego público. Carreira e promoción profesional. Avaliación do desempeño. Formación e perfeccionamento.

72. Estatuto de persoal da Administración parlamentaria (2). Situacións administrativas. Sistema retributivo. Vacacións, licenzas e permisos. Representación, participación, negociación colectiva e dereito de reunión. Incompatibilidades. A protección social do persoal. O réxime disciplinario do persoal da Administración parlamentaria.

73. Normas reguladoras da xornada laboral semanal e do horario do persoal e de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 267, do 4 de abril de 2014; BOPG núm. 674, do 11 de xullo de 2016, e BOPG núm.151, fasc. 1º, do 24 de xullo de 2017). Normas reguladoras da flexibilización de xornada do persoal da Administración parlamentaria por motivos de conciliación da vida persoal e laboral (BOPG núm. 674, do 11 de xuño de 2016). Normas reguladoras do teletraballo na Administración do Parlamento de Galicia. (BOPG núm. 324, do 30 de setembro de 2010). Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 401, do 19 de decembro de 2018). Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 156, do 8 de xuño de 2006).

74. A Seguridade Social. Réxime xeral e réximes especiais. A acción protectora da Seguridade Social. Tipos e características das prestacións. Réxime de incompatibilidades. A incapacidade temporal. O dereito ao subsidio. A incapacidade permanente. A pensión de xubilación.



75. O Dereito do traballo: natureza e caracteres. Modalidades do contrato de traballo. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Relacións laborais especiais. Os convenios colectivos: concepto e réxime xurídico.

76. Seguridade, saúde e benestar laboral. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: competencias. Dereitos e obrigas dos traballadores e empresarios en materia de prevención. Participación dos traballadores. A Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais. RD 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais en materia de coordinación de actividades empresariais. O comité de seguridade, saúde e benestar laboral do Parlamento de Galicia. O procedemento para a prevención do acoso laboral e doutras discriminacións no traballo, no Parlamento de Galicia (BOPG 138, de 30 de xuño de 2017).

77. RD 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención. RD 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o RD 39/1997. A avaliación dos riscos laborais na actividade administrativa e de mantemento de edificios; métodos de avaliación. O risco de accidente, o risco de fatiga e insatisfacción e o risco ergonómico; criterios de avaliación. A planificación das medidas de control do risco. Os RD 486/1997, 487/1997 e 488/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas nos lugares de traballo. O Documento Básico SI (seguridade contra incendios) do Código técnico da edificación (RD 314/2006). O RD 485/1997 sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

VII. TRANSPARENCIA, PROTECCIÓN DE DATOS E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

78. Lei 19/2013, do 9 decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Normativa en materia de transparencia no Regulamento do Parlamento de Galicia. O Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

79. O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, sobre protección de datos. Principios xerais. Conceptos e mecanismos de protección de datos persoais. O principio de responsabilidade proactiva. O enfoque do risco. A base de lexitimación para o tratamento de datos persoais.

80. A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Principios da protección de datos das persoas e a súa execución. Transparencia. O responsable e o encargado de protección de datos. O delegado de protección de datos. A Axencia Española de Protección de Datos. Procedementos en caso de vulneración de dereitos. Réxime sancionador. Dereitos dixitais. Identificación das persoas interesadas nas notificacións, anuncios e publicacións de actos administrativos. A regulación sobre protección de datos de carácter persoal no Parlamento de Galicia: Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 21 de marzo de 2012, polo que se aproban as Normas de protección de datos (BOPG núm. 668, do 29 de marzo de 2012, modificadas polo Acordo do 11 de abril de 2014). Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, polo que se aproba o rexistro de actividades de tratamento do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 449, modificado polo Acordo do 23 de abril de 2019)



81. A aplicación do principio da transparencia no ámbito parlamentario: o Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia. Información institucional, organizativa e de planificación, información sobre as relacións coa cidadanía, información de relevancia xurídica, información en materia de persoal, información económica, orzamentaria e estatística, información patrimonial, información en materia de contratación pública, convenios e subvencións.

82. A administración electrónica (1). Conceptos básicos. Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Ámbito de aplicación e principios xerais. A relación por medios electrónicos dos cidadáns coas administracións públicas. Réxime xurídico da Administración electrónica. A xestión electrónica dos procedementos. Cooperación entre administracións para o impulso da Administración electrónica. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

83. A administración electrónica (2). O rexistro electrónico. Arquivo electrónico único e custodia dos documentos electrónicos. Sinatura electrónica e certificados. Documentos: concepto e clases. Documentos electrónicos. O arquivo de xestión. Transferencia e eliminación de documentos.

84. Administración electrónica (3). Aplicación no Parlamento de Galicia: Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de maio de 2006, polo que se aproban as Normas de desenvolvemento do Regulamento da Cámara para a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria (BOPG nº 139, do 13 de maio de 2006). Sede electrónica: Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2017, polo que se aproban as Normas de creación da sede electrónica e de regulación da xestión electrónica no Parlamento de Galicia (BOPG nº 89, do 24 de marzo de 2017).

85. Política de seguridade. A aplicación do Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración parlamentaria: Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de marzo de 2019, polo que se aproban as Normas sobre a política de seguridade da información do Parlamento de Galicia (BOPG nº 444, do 13 de marzo 2019).

VIII. DEREITO CIVIL

86. As fontes do dereito: enumeración e xerarquía. A lei. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia. Outras fontes do dereito. Especial referencia ás fontes no dereito civil de Galicia. A Constitución como fonte do dereito.

87. As normas xurídicas: natureza, caracteres, estrutura e clasificación. O ordenamento xurídico: valores superiores. A interpretación das normas: clases, elementos e regras. Eficacia das normas xurídicas. Fraude de lei. Erro de dereito.

88. A personalidade: adquisición e extinción. A capacidade das persoas: as súas clases. As circunstancias modificativas da capacidade. A incapacitación. Protección das persoas con discapacidade.

89. A persoa xurídica; concepto e clases. Normas do Código civil. A teoría do levantamento do veo. Asociacións e fundacións: concepto e réxime xurídico.



90. As cousas: o seu concepto e clases. Bens mobles e inmobles. Bens de dominio público e propiedade privada.

91. O feito xurídico e o acto xurídico. O negocio xurídico. Teoría xeral dos elementos do negocio xurídico. A vontade: requisitos; o silencio como declaración de vontade. Os vicios da vontade.

92. Influencias do tempo nas relacións xurídicas. O seu cómputo. Teoría xeral da prescrición. Concepto, clases, fundamento e efectos. A prescrición extintiva e a caducidade.

93. A obriga: o seu concepto. Clasificación; en particular, exame das obrigas solidarias e mancomunadas; de dar, facer e non facer. Obrigas puras, condicionais e a termo.

94. Causas de extinción das obrigas. O pagamento. A perda da cousa debida. A condonación da débeda. A confusión de dereitos. A compensación. A novación.

95. Incumprimento das obrigas; as súas causas: mora, dolo, culpa e caso fortuíto. Cumprimento forzoso: a indemnización de danos e perdas. Os denominados medios indirectos: as accións subrogatoria e revogatoria.

96. O contrato: fundamento e función. Sistemas de contratación. Elementos dos contratos. Capacidade para contratar: incapacidades e prohibicións. Obxecto do contrato. A forma dos contratos.

97. A vida do contrato e a preparación do contrato. A perfección e consumación do contrato. Revisión do contrato por alteración extraordinaria das circunstancias: cláusula *rebus sic stantibus*.

98. A interpretación dos contratos: regras do Código civil. Clases de contratos. Precontrato e contrato de opción. Os contratos de adhesión e as condicións xerais de contratación.

99. A ineficacia dos contratos. A nulidade: causas e efectos. A anulabilidade; a confirmación. A rescisión: causas e efectos.

100. Referencia xeral á doazón e aos contratos de compravenda, arrendamento, mandato, préstamo e depósito.

101. A propiedade intelectual. Suxeitos, obxecto e contido da propiedade intelectual. Duración e límites. Transmisión dos dereitos de explotación. O contrato de edición.

IX. DEREITO MERCANTIL

102. A sociedade mercantil: concepto, natureza e clases. Personalidade da sociedade. O obxecto social: a súa determinación e efectos. Constitución. A sociedade irregular. A sociedade regular colectiva. A sociedade comanditaria: simple e por accións.

103. As sociedades de capital. Denominación, nacionalidade e domicilio. Constitución das sociedades de capital. A inscrición rexistral. A representación da sociedade. As contas anuais. Disolución e liquidación da sociedade.



104. As sociedades profesionais. A sociedade laboral. A sociedade cooperativa; especial referencia á Lei de cooperativas de Galicia. A sociedade de garantía recíproca.

105. O Rexistro Mercantil. Organización e funcións. Principios de funcionamento. Certificacións polo rexistro mercantil. O Rexistro Mercantil Central.

106. O contrato de seguro. Obrigas e deberes das partes. Seguro contra danos, seguro de persoas, seguro sobre a vida, seguro de accidentes, seguros de enfermidade e asistencia sanitaria.

X. FACENDA PÚBLICA E XESTIÓN ECONÓMICA

107. O orzamento: concepto, natureza e clases. Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia: a estabilidade orzamentaria e os principios básicos da súa estrutura. Contido. Elaboración, aprobación. Prórroga. Liquidación e remanentes. Réxime especial do orzamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

108. Os créditos e as súas modificacións. Gastos plurianuais. Anulacións de créditos e regulación das obrigas. As modificacións dos créditos. Créditos extraordinarios, suplementos e créditos ampliables. Transferencias de crédito; competencias e límites. Xeracións de crédito.

109. Contabilidade pública. Concepto. O Plan xeral de contabilidade pública do Estado. O Plan xeral de contabilidade pública de Galicia. Contabilidade orzamentaria e contabilidade de xestión. Liquidación e peche do exercicio.

110. A ordenación do gasto. Órganos competentes. Fases do procedemento. Documentos contables que interveñen na execución do gasto. A ordenación do pago. Órganos competentes. Concepto e clases de pago. Anticipos de caixa. Pagamentos a xustificar. A tramitación de expedientes de pagamento no Parlamento de Galicia

111. A execución do gasto na contratación administrativa. A execución do gasto e a súa xustificación nos procedementos de subvencións. As subvencións aos grupos parlamentarios. O réxime económico, fiscal e social dos deputados.

112. As nóminas: normas de confección. Estrutura retributiva do persoal no Parlamento de Galicia. Altas e baixas. Devindicación e liquidación de dereitos económicos.

113. Os ingresos públicos: concepto e clasificación. A débeda pública: concepto e clases. Emisión, conversión e amortización de títulos. Prescrición de capital e xuros.

114. O patrimonio da Xunta de Galicia. Organización. Bens que o integran; clases. Adquisición de bens e dereitos. Alleamento e cesión. Protección e defensa.

115. Os tributos: concepto, natureza e clases. A Lei xeral tributaria: estrutura. Disposicións xerais do ordenamento tributario: principios xerais; especial referencia aos contidos na Constitución. Normas tributarias.

116. O financiamento das comunidades autónomas. A Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas: principios xerais. O Consello de Política Fiscal e Financeira.



Recursos das comunidades autónomas. Asignacións do Fondo de Compensación Interterritorial e dos fondos comunitarios.

117. A potestade tributaria das comunidades autónomas. Os seus límites. Tributos cedidos polo Estado; especial referencia ás competencias normativas e de xestión para asumir polas comunidades autónomas. Participación nos tributos estatais non cedidos.

118. Os tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia. As taxas: natureza; normas básicas do seu réxime xurídico; principais supostos. Os prezos públicos.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
NOME DA VÍA			NÚMERO	ANDAR
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO		ENDEREZO ELECTRÓNICO		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF



DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Medio de notificación preferente			
<input type="checkbox"/> Electrónico , a través da ligazón da Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada.			
<input type="checkbox"/> Postal (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)			
NOME DA VÍA		NÚMERO	ANDAR
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

OBXECTO DA SOLICITUDE:**Participación na convocatoria do PROCESO SELECTIVO:****DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- Fotocopia do DNI
- Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel exixido
- Xustificante de ter aboados os dereitos de exame
- Acreditación do grado de discapacidade superior ao 33 %, polo que se solicitan as adaptacións indicadas en observacións
- Declaracións segundo os modelos anexos que figuran nas bases
- Outros

OBSERVACIÓNS:

- A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos



O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos, que serán incorporados ao rexistro da actividade de tratamento denominada «Procesos selectivos», cuxa **finalidade** é a xestión de selección de persoal, **lexitimada** polo cumprimento das obrigas legais. **Destinatarios:** non está prevista a cesión de datos. **Dereitos:** as persoas solicitantes poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento xeral de protección de datos, a través da páxina web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos>, na que dispoñen de **información adicional**.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases da convocatoria dos procesos selectivos
 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
 Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
 Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia
 Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
 Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP)
 Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de
--	---	--	----	--	----

Presidencia do Parlamento de Galicia

Anexo III

Declaración responsableD./D^a.....con DNI

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopa na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

Asina esta declaración para os efectos de participar no proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela,de.....de 2019

(Sinatura)

Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de xullo de 2019, polo que se convoca o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordado nas mesas de



negociación, nas cales se incluía o ingreso en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia, a Mesa da Cámara, en cumprimento deste obxectivo, acordou na súa reunión do 24 de xullo de 2017 a convocatoria dun proceso selectivo para ingresar na dita escala. Esta convocatoria foi modificada por acordo da Mesa do 15 de novembro de 2017.

Iniciado o proceso de selección, o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra a convocatoria e, na sentenza do 2 de maio de 2019, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia decidiu estimar parcialmente o recurso e ordenou convocar de novo o proceso para posibilitar que o ingreso na escala non se limite aos titulados na rama de informática, senón que se estenda aos titulados noutras ramas que, por dispoñer de coñecementos comúns e relacionados coas funcións que se van desenvolver, reúnan as condicións técnicas para o seu exercicio.

Para darlle cumprimento efectivo á dita sentenza, a Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 13 de maio de 2019, acordou executar a sentenza e modificar o seu Acordo do 6 de novembro de 2017 polo que se crea a escala técnica de tecnoloxías da información, co conseguinte reflexo na relación de postos de traballo.

Xa que logo, procede realizar unha nova convocatoria do proceso selectivo para ingresar na escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia e aprobar as bases que rexerán esta convocatoria, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 16 do seu Estatuto de persoal.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. Normas xerais

1.1. O obxecto do proceso selectivo é o ingreso en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia (grupo B) polo sistema de acceso libre. O sistema selectivo será o de oposición.

A este proceso selectivo seralle aplicable o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (*DOG* nº 248, do 26 de decembro de 2007); a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante, TRLEBEP), e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes

Para seren admitidas no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da toma de posesión como funcionaria, os seguintes requisitos:

2.1. Nacionalidade

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.



c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras/es.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes das persoas de nacionalidade española e das nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

2.2. Idade

Ter feitos os dezaseis anos e non ter cumprida a idade de xubilación forzosa.

2.3. Titulación

Estar en posesión ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes o título universitario de diplomado/a en Enxeñaría Informática ou Telecomunicacións, Enxeñeiro/a Técnico/a en Enxeñaría Informática ou Telecomunicacións, Grao en Enxeñaría Informática ou Telecomunicacións ou calquera outra titulación do ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación.

Así mesmo, para estes efectos, considerárase equivalente ao título de diplomado universitario ter superados tres cursos completos de licenciatura, conforme o disposto na disposición adicional 1ª do Real decreto 1272/2003, do 10 de outubro.

As persoas aspirantes con formación ou titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título ou da formación. Este requisito non será aplicable ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

2.4. Capacidade funcional

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

2.5. Habilitación

Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou á escala de persoal funcionario do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso de persoas nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a unha sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



Terceira. Solicitudes

3.1. As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que acompaña esta convocatoria como anexo II, ao que deberá achegar unha copia do documento nacional de identidade vixente e a documentación que se sinala nos seguintes parágrafos.

O modelo de solicitude que acompaña esta convocatoria como anexo II tamén se poderá descargar da páxina web do Parlamento de Galicia (<http://www.parlamentodegalicia.gal>).

As solicitudes presentaranse na sede electrónica do Parlamento de Galicia (<https://sede.parlamentodegalicia.gal>), ou ben no seu Rexistro Xeral na rúa Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela, ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes que se presenten a través das oficinas de Correos deberán ir nun sobre aberto para seren datadas e seladas pola persoa empregada de Correos antes de seren certificadas. No caso de presentación a través das anteditas oficinas, a dirección á que enviar as solicitudes será: Parlamento de Galicia. Rexistro Xeral. Rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela.

3.2. O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3.3. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, no seu defecto, de ser o caso, a documentación acreditativa de encontrarse nalgunha das situacións susceptibles da exención do pagamento ás que fai referencia esta convocatoria.

b) Documento xustificativo orixinal ou fotocopia debidamente compulsada de estar en posesión do nivel Celga 4 ou de perfeccionamento de galego, ou un equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no segundo exercicio.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderán cotexarse co orixinal.

3.4. As persoas interesadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán solicitar, se fose necesario e xustificando, posibles adaptacións de tempo e medios especiais para a realización dos exercicios.



De ser o caso, deberán indicalo na súa solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e achegar coa solicitude a documentación acreditativa correspondente.

3.5. Dereitos de exame

O pagamento do seu importe, de 36,36 euros, acreditarase achegando á solicitude para participar nas probas selectivas o xustificante do ingreso realizado mediante transferencia bancaria na conta corrente de Abanca ES50-2080-0388-21-3110000502, no cal se indicará como concepto: «Dereitos de exame ETI» e o DNI e o nome da persoa aspirante.

Para a devolución da taxa aboada as persoas solicitantes deberán figurar como excluídas nas listaxes definitivas e seguir o procedemento que se sinala na resolución pola que se aproben as ditas listaxes.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Non obstante, estarán exentas do pagamento das taxas dos dereitos de exame as persoas aspirantes que estean incursas nalgunha das situacións ás que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarta. Admisión de persoas aspirantes

4.1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento (<http://www.parlamentodegalicia.gal>), coa indicación das causas das exclusións que procedan.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

4.2. Ao transcorrer o antedito prazo, a Presidencia ditará unha nova resolución pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que serán publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no portal web <http://www.parlamentodegalicia.gal>.

A estimación ou desestimación das emendas achegadas entenderase implícita nesta resolución definitiva e a súa publicación servirá de notificación a quen presentara alegacións.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación.



Quinta. Tribunal cualificador

5.1. O tribunal cualificador do proceso será nomeado pola Presidencia da Cámara.

5.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A persoa que presida o tribunal deberá realizar e solicitar aos membros do tribunal, e de ser o caso tamén ás persoas asesoras especialistas previstas na base 3.9 e mais ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non se atoparen incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran algunha das circunstancias referidas, nos termos establecidos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.3. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

5.4. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso da/o presidenta/e e da/o secretaria/o.

5.5. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei de procedemento administrativo e no resto do ordenamento xurídico.

5.6. Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da/o secretaria/o e co visto e prace da/o presidenta/e.

5.7. A persoa que presida o tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios do proceso selectivo sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluírá aquelas persoas candidatas en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e a valoración da proba (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación dos criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas opositoras ás cales corresponden os resultados obtidos.

5.8. O tribunal poderá propor a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas para as valoracións que coide pertinentes. Estas persoas asesoras deberán limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á Presidencia do Parlamento por proposta do tribunal.



5.9. Para as persoas aspirantes que así o fagan constar na súa solicitude estableceranse as adaptacións posibles de tempo ou medios para a realización dos exercicios.

5.10. O tribunal non poderá propor o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aspirantes aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.11. Os acordos adoptados polo tribunal poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Mesa do Parlamento nos termos previstos nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015.

5.12. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes dirixiranse ao tribunal e presentaranse na sede electrónica do Parlamento de Galicia (<https://sede.parlamentodegalicia.gal>) ou no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela.

Sexta. Proceso selectivo

O sistema de selección será o de oposición e constará de tres exercicios. Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo I a estas bases.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que estean publicadas oficialmente no boletín ou diario correspondente na data de publicación do nomeamento do tribunal no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que fosen derogadas parcial ou totalmente, nas condicións temporais do parágrafo anterior, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total.

6.1. Primeiro exercicio (obligatorio e eliminatorio)

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondentes ao conxunto do programa, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de cento quince (115) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

6.2. Segundo exercicio (eliminatorio)

Constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dende o galego para o castelán dun texto elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.



Segunda proba: consistirá na tradución dende o castelán para o galego dun texto elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto, tendo en conta os niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga 4.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten que, dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, posuían o Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (*DOG* núm. 146, do 30 de xullo), ás cales se lles asignará a cualificación de apto.

6.3. Terceiro exercicio (obligatorio e eliminatorio)

Consistirá en realizar de forma manuscrita un suposto práctico proposto polo tribunal, correspondente a diferentes dominios do coñecemento no campo dos sistemas e as tecnoloxías da información e a comunicación ou da análise e o desenvolvemento, relacionados coas materias que figuran no temario.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de douscentos corenta (240) minutos.

Posteriormente, as persoas aspirantes serán convocadas oportunamente para a lectura do exercicio nunha sesión pública ante o tribunal, que as cualificará valorando a calidade técnica da solución proposta, a sistemática, a capacidade de análise, os coñecementos sobre o temario, a claridade, a orde das ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa exposición.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Sétima. Desenvolvemento dos exercicios

7.1. O primeiro exercicio deberá realizarse no prazo máximo de corenta (40) días hábiles contados desde o día seguinte ao da constitución do tribunal.

Entre a realización dun exercicio e a do seguinte deberán transcorrer un mínimo de cinco (5) días hábiles.

A convocatoria para a realización dos sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal e anunciarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web <http://www.parlamentodegalicia.gal> polo menos corenta e oito (48) horas antes da data e da hora sinaladas para o seu inicio.

7.2. O día do exercicio as persoas aspirantes serán convocadas nun único chamamento, e será excluída da oposición quen non compareza. A orde de chamada das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente polo primeiro apelido comezando pola letra **L**, elixida polo sorteo publicado na páxina web do Parlamento de Galicia.



As persoas aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio, provistas do documento nacional de identidade ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

As persoas aspirantes non poderán acudir ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, obxectos ou demais dispositivos de carácter electrónico.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

7.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras designadas pola Presidencia, de ser o caso.

Os exercicios distribuiranse en galego. Porén, tamén se lles distribuirán en castelán ás persoas aspirantes que así o soliciten.

Os exercicios realizados non levarán ningunha marca ou sinal que permita identificar a súa autoría. O tribunal facilitará a cada persoa aspirante dous sobres para introducir de xeito independente o exercicio realizado e a identificación do seu autor/ra. Os sobres pecharanse e gramparanse conxuntamente diante da persoa interesada.

7.4. Ao remate das probas que consistan na contestación dun cuestionario, cada persoa aspirante poderá anotar e levar a relación das súas respostas.

7.5. As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. Esta comunicación deberase realizar dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocador aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Oitava. Cualificación dos exercicios

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

8.1. As persoas participantes poden presentar, nos tres (3) días hábiles seguintes á realización de cada exercicio, as reclamacións que estimen oportunas referidas ás preguntas ou ao contido das probas.



8.2. No caso do primeiro exercicio, se o tribunal, de oficio ou con base nalgunha reclamación, anula algunha das preguntas, estas substituiranse, por orde, polas de reserva incluídas no mesmo cuestionario. Esta decisión publicarase xuntamente coas cualificacións do exercicio.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes á realización do exercicio tipo test publicarase o seu contido e as respostas correctas no portal web corporativo.

8.3. As cualificacións de cada un dos exercicios publicaranse no portal web do Parlamento de Galicia (<http://www.parlamentodegalicia.gal>).

8.4. A cualificación final da oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos diferentes exercicios. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aspirantes seleccionados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Novena. Listaxe de persoas aprobadas, presentación da documentación e nomeamento como persoal funcionario

9.1. Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a resolución do tribunal coa relación das persoas aspirantes que acadaron o resultado de apto no segundo exercicio e superaron os outros dous exercicios, coa puntuación total obtida, publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

9.2. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:

- Maior puntuación obtida no terceiro exercicio da oposición.
- Maior puntuación obtida no primeiro exercicio da oposición.
- De persistir o empate, resolverase por orde alfabética do primeiro apelido e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra resultante no sorteo a que se refire a base 7.2.
- En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

9.3. O proceso selectivo só será superado polas dúas persoas que acaden a maior puntuación.

Na resolución, o tribunal propondrá á Mesa do Parlamento a aprobación do proceso selectivo e o ingreso das dúas persoas que o superaron, como persoal funcionario de carreira, no corpo de xestión, na escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia.

9.4. Concederase un prazo de dez (10) días, contados desde o día seguinte á data de publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución do tribunal, para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas.

9.5. A Mesa do Parlamento adoptará o acordo de finalización do proceso selectivo e de aprobación do seu resultado co ingreso das dúas persoas propostas como persoal funcionario de carreira do corpo de xestión, grupo B, na escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia. Este acordo publicarase no *Boletín Oficial do*



Parlamento de Galicia e na páxina web <http://www.parlamentodegalicia.gal> e notificaráselles ás persoas seleccionadas.

Para asegurar a cobertura das vacantes, se se produce a renuncia dalgunha das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, convocarase a seguinte persoa da listaxe por orde de puntuación para que ocupe o seu lugar. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos de persoas aspirantes na situación que se refire no parágrafo final da base 10.2 desta convocatoria.

Décima. Presentación de documentos

10.1. Cada persoa seleccionada deberá presentar ante a Presidencia do Parlamento, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria, no prazo de vinte (20) días naturais desde que se faga público no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia de finalización do proceso selectivo, a seguinte documentación:

a) Fotocopia cotexada do título exixido na base 2.3 ou a certificación académica que acredite a realización de todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar a credencial da súa validación ou homologación.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separada nin despedida mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separada ou inhabilitada, nin pertencer ao mesmo corpo, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración responsable de non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos.

c) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece unha enfermidade nin está afectada por unha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

10.2. As persoas que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior libremente apreciados pola Presidencia, non presenten a documentación ou que despois de examinala se deduce que non cumpren algún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderán ser nomeadas como persoal funcionario de carreira e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorren por falsidade na solicitude inicial. Neste caso, seguirase o procedemento establecido no parágrafo final da base 9.5.

Décimo primeira. Nomeamento como persoal funcionario de carreira

11.1. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas seleccionadas serán nomeadas por resolución da Presidencia como funcionarias de carreira. Este nomeamento



notificaráselles ás persoas interesadas e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na web <http://www.parlamentodegalicia.gal>.

11.2. No prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación, as persoas nomeadas deberán tomar posesión ante a Presidencia do Parlamento e realizar o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, de obediencia ás leis e de exercer imparcialmente as súas funcións.

A falta de toma de posesión dentro do prazo, imputable á persoa interesada, producirá o decaemento do seu dereito a adquirir a condición de persoal funcionario de carreira neste proceso selectivo.

Décimo segunda. Lista de espera para substitucións

As persoas incluídas na listaxe definida na base 9.1 que non superen o proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puidesen xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que sexa nomeado.

Décimo terceira. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento de Galicia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente da Mesa do Parlamento de Galicia

Anexo I

TEMARIO PARA INGRESAR POR OPOSICIÓN LIBRE NA ESCALA TÉCNICA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

BLOQUE I. XERAL

1. A Constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais. A súa garantía e suspensión. A Xefatura do Estado. A Coroa. Funcións constitucionais do rei.
2. As Cortes Xerais. Atribucións do Congreso dos Deputados e do Senado. O Tribunal Constitucional. Composición e atribucións. O Defensor do Pobo.
3. O Estatuto de autonomía de Galicia: antecedentes, estrutura e contido. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia.



4. O Parlamento de Galicia: composición e elección. O Regulamento do Parlamento de Galicia: natureza e estrutura.
5. O Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia.
6. A función pública parlamentaria; a súa normativa aplicable.
7. Igualdade: Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade; título preliminar e título II.
8. Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

Lexislación informática

9. Lexislación sobre protección de datos. Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
10. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica. Real decreto 951/2015, do 23 de outubro, de modificación do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica. Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da administración electrónica.
11. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
12. Factura electrónica. Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
13. Normativa no ámbito da propiedade intelectual. A protección xurídica dos programas de ordenador. Tipos de licenzas. Software de fontes abertas (FLOSS).
14. Implantación da administración electrónica. Sede electrónica e servizos de sede. Rexistro electrónico. Expediente electrónico. Arquivo electrónico de documentos. Dixitalización, compulsa electrónica. Licitación electrónica.
15. Real decreto 421/2004, do 12 de marzo, polo que se regula o Centro Criptolóxico Nacional (CCN-CERT). Funcións e ferramentas dispoñibles. Guías e procedementos de seguridade.



BLOQUE II. TECNOLOXÍA BÁSICA

16. Tecnoloxías actuais de computadores: dos dispositivos móbiles aos supercomputadores e arquitecturas escalables (*grid, cluster, MPP, SMP*, arquitecturas multinúcleo e outros). Base tecnolóxica. Compoñentes, funcionalidades e capacidades.

17. Conceptos de sistemas operativos. Estruturas, compoñentes e funcións. Características e evolución. Administración de memoria. Procesos e subprocessos. Entrada/saída. Sistemas de arquivo. Sistemas operativos multiprocesador.

18. Características técnicas e funcionais dos sistemas operativos: Windows, Linux e Unix. Sistemas operativos para dispositivos móbiles.

19. Concepto e compoñentes dunha contorna de bases de datos. Utilización de bases de datos na organización: sistemas OLTP, MIS, DSS e almacéns de datos.

20. Sistemas de xestión de bases de datos relacionais. Antecedentes históricos. Características e elementos constitutivos. A linguaxe SQL. Estándares de conectividade: ODBC e JDBC.

21. Arquitecturas cliente-servidor. Tipoloxía. Compoñentes. Interoperabilidade de compoñentes. Vantaxes e inconvenientes. Arquitectura de servizos web (WS).

22. Modelo OSI. Redes LAN, MAN e WAN. Estrutura de redes: troncal, distribución acceso. Redes públicas de transmisión de datos.

23. O modelo TCP/IP: arquitectura, capas, interfaces, protocolos, direccionamento e encamiñamento.

24. Linguaxes de marca ou etiqueta. Características e funcionalidades. SGML, HTML, XML e as súas derivacións. Linguaxes de *script*.

25. Auditoría informática. Obxectivos, alcance e metodoloxía. Técnicas e ferramentas. Normas e estándares.

26. A biblioteca de infraestrutura TI (ITIL). Soporte ao servizo. Entrega de servizos. Obxectivos da norma. Mapa e descrición dos procesos.

27. Técnicas de avaliación de alternativas e análises de viabilidade. Persoal, procedementos, datos, software e hardware. Orzamento e control de custos dun proxecto informático.

28. Xestión e arquivo electrónico de documentos. Sistemas de xestión documental. Xestores de contidos. Sindicación de contido. Sistemas de xestión de fluxos de traballos. Procura de información: robots, *spiders*, outros.

BLOQUE III. SISTEMAS E REDES

29. Administración do sistema operativo e software de base. Funcións e responsabilidades. Control de cambios.



30. Administración de sistemas de xestión de bases de datos. Funcións. Responsabilidades. Administración de datos.
31. Prácticas de mantemento de equipos e instalacións. Mantemento preventivo, correctivo e perfectivo. Monitorización e xestión de capacidade.
32. Linguaxes de control de traballos. Técnicas e ferramentas de operación automática de sistemas. Ferramentas e técnicas utilizables.
33. Almacenamento masivo de datos. Sistemas SAN, NAS e DAS: compoñentes, protocolos, xestión e administración. Virtualización do almacenamento. Xestión de volumes.
34. Sistemas de *backup*: hardware e software de *backup*. Estratexias de *backup* a disco. Disponibilidade da información RPO, RTO. Replicación local e remota, estratexias de recuperación. Plans de continxencia.
35. Deseño dun centro de procesos de datos. Instalacións (electricidade, control de acceso, control de presenza, sistema antiincendios, climatización, sistemas de alimentación ininterrompida). Factores que considerar. Virtualización da plataforma e de recursos.
36. Virtualización de servidores. Virtualización do almacenamento. Virtualización do posto cliente. Computación baseada en servidor (SBC). *Grid computing*. *Cloud computing*. Mecanismos de alta dispoñibilidade.
37. Plataformas de xestión de dispositivos móbiles (MDM). Xestión de dispositivos alleos (BYOD).
38. Redes locais. Tipoloxía. Medios de transmisión. Métodos de acceso. Dispositivos de interconexión. Administración de redes locais. Xestión de usuarios. Xestión de dispositivos. Monitorización e control de tráfico. Xestión SNMP.
39. Redes de fibra óptica. Radioenlaces. Redes de nova xeración (NGN). Calidade do servizo (QOS).
40. Tecnoloxía XDSL. Concepto. Características técnicas. Normativa reguladora. Telecomunicacións por cable: características e normativa reguladora.
41. Telecomunicacións de voz. Tecnoloxías VoIP. Convergencia telefonía fixa-telefonía móbil.
42. Redes sen fíos. Protocolos. Características funcionais e técnicas. Sistemas de expansión do espectro. Sistemas de acceso. Modos de operación. Seguridade. Normativa reguladora.
43. Servidores de mensaxería. Sistemas de correo.
44. Servidores de aplicacións e servidores web. Xestión de servidores *proxy*.
45. Seguridade da información. Confidencialidade, integridade e dispoñibilidade. Medidas de seguridade físicas, técnicas, organizativas e legais. Identificación e autenticación. Control de accesos físicos e lóxicos. Control de fluxo de datos.



46. Seguridade en redes. Control de accesos. Devasas. DMZ. Intrusións. Redes privadas virtuais.

47. Certificados dixitais. Tarxetas criptográficas. Sinatura dixital. Técnicas de cifrado. Infraestrutura de clave pública (PKI).

48. Sistemas de xestión da seguridade da información. Sistemas de correlación de eventos. Solucións en modalidade SaaS (*Software as a Service*).

49. Virus e outros softwares malignos. Tipos. Medios preventivos e reactivos. Sistemas antivirus e de protección.

BLOQUE IV. ANÁLISE E DESENVOLVEMENTO

50. Enxeñaría do software. Metodoloxías de desenvolvemento de sistemas de información. Métrica. Metodoloxías áxiles.

51. Estratexias de determinación de requirimentos: entrevistas, derivación de sistemas existentes, análise e prototipos.

52. Diagramas de fluxo de datos. Diagramas estruturados. Fluxogramas de sistema. Fluxogramas de programa.

53. Modelización conceptual. Elementos: entidades, atributos, relacións, identificadores, roles. Regras de modelización. Validación e construción de modelos de datos.

54. Deseño de bases de datos. A arquitectura ANSI/SPARC. O modelo lóxico relacional. Normalización. Deseño lóxico. Deseño físico. Problemas de concorrencia de acceso. Mecanismos de resolución de conflitos

55. Tipos abstractos de datos e estruturas de datos. Táboas, listas e árbores. Algoritmos: ordenación, procura. Grafos. Organizacións de ficheiros.

56. Deseño de programas. Diagramas estruturados. Análise de transformación e de transacción. Cohesión e acoplamento.

57. Métodos de proba do software. Fundamentos. Caixa negra e caixa branca. Estratexias de proba do software.

58. Análise e deseño orientado a obxectos. Concepto. Elementos. O proceso unificado de software. A linguaxe de modelado unificado (UML). Patróns de deseño. Antipatróns.

59. A plataforma .Net. Modelo de programación. Servizos. Ferramentas. A tecnoloxía ADO.NET.

60. Aplicacións web. Deseño web multiplataforma/multidispositivo. Tecnoloxías de programación: JavaScript, *applets*, *servlets*, ASP, JSP e PHP. Servizos web: estándares e protocolos asociados. Interoperabilidade e seguridade en servizos web.



61. Sistemas de xestión de contidos. Sistemas de xestión documental. Xestión do coñecemento.

62. A calidade do software e a súa medida. Modelos, métricas, normas e estándares.

63. Accesibilidade, deseño universal e utilizabilidade. Accesibilidade e utilizabilidade das tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información.

64. Minaría de datos. Aplicación á resolución de problemas de xestión. Tecnoloxía e algoritmos. Procesamento analítico en liña (OLAP). *Big data*.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NOME DA VÍA			NÚMERO	ANDAR PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO		ENDEREZO ELECTRÓNICO		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF



DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Medio de notificación preferente

Electrónico, a través da ligazón da Internet <https://sede.parlamentodegalicia.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

NOME DA VÍA		NÚMERO	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE

OBXECTO DA SOLICITUDE:**Participación na convocatoria do PROCESO SELECTIVO:****DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- Fotocopia do DNI
- Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel exixido
- Xustificante de ter aboados os dereitos de exame
- Acreditación do grado de discapacidade superior ao 33 %, polo que se solicitan as adaptacións indicadas en observacións
- Declaracións segundo os modelos anexos que figuran nas bases
- Outros

OBSERVACIÓNS:

A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos



O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos, que serán incorporados ao rexistro da actividade de tratamento denominada «Procesos selectivos», cuxa **finalidade** é a xestión de selección de persoal, **lexitimada** polo cumprimento das obrigas legais. **Destinatarios:** non está prevista a cesión de datos. **Dereitos:** as persoas solicitantes poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento xeral de protección de datos, a través da páxina web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos>, na que dispoñen de **información adicional**.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases da convocatoria dos procesos selectivos

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP)

Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de
--	---	--	----	--	----

Presidencia do Parlamento de Galicia

Anexo III

Declaración responsableD./D^a.....con DNI.....

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que non foi separado/a do servizo de ningunha administración pública mediante expediente disciplinario nin está inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

Asínase esta declaración para os efectos de participar no proceso selectivo para ingresar por quenda libre na escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela,de.....de 2019.

(Sinatura)

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de xullo de 2019, polo que se convocan probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e polo que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección

Entre as medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2019, acordadas na Mesa de Negociación e adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia na súa reunión do 8 de marzo de 2019, inclúese a provisión dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.



En cumprimento deste obxectivo, a Mesa do Parlamento de Galicia acorda:

1. Convocar un proceso selectivo para ingresar, por promoción interna, no corpo administrativo do Parlamento de Galicia para cubrir a antedita praza.
2. Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 16 do seu Estatuto de persoal, que son as seguintes.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. Normas xerais

O obxecto desta convocatoria é a selección dunha persoa para ingresar nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, mediante promoción interna.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

Ao proceso selectivo seralle aplicable o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (*DOG* núm. 248, do 26 de decembro de 2007), así como o disposto nesta convocatoria.

Incompatibilidades: a praza está sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido no Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes

Para seren admitidas á realización das probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Pertencer como funcionario ou funcionaria de carreira ao corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D) e ter unha antigüidade nese corpo de, polo menos, dous anos.
- b) Estar en posesión ou en condicións de obter o título de bacharelato ou equivalente, ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase posuír o documento acreditativo da súa homologación.

- c) Non exceder da idade de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

Os requisitos establecidos deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento do nomeamento como funcionario ou funcionaria de carreira do corpo a que pertence a praza resultante deste proceso.



Terceira. Solicitudes

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formular a súa solicitude segundo o modelo que figura no anexo II destas bases, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, na rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela, ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes tamén se poderán formular na sede electrónica do Parlamento de Galicia (<https://sede.parlamentodegalicia.gal>).

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia.

O prazo de presentación será de vinte (20) días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3.1. Documentación

- a) O modelo de solicitude, segundo o anexo II, cuberto.
- b) O xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, no seu defecto, de ser o caso, a documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións a que fai referencia esta convocatoria susceptibles da exención do pagamento.
- c) A declaración responsable asinada segundo o anexo III dos méritos alegados para a fase de concurso e a documentación acreditativa correspondente, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria.
- d) A declaración responsable asinada segundo o anexo IV de non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

A documentación acreditativa dos méritos que se presente en papel deberá estar compulsada.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeneral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderase cotexar co orixinal.

3.2. Dereitos de exame

O importe dos dereitos de exame será de 31,69 euros, que se aboarán mediante transferencia bancaria na conta corrente Abanca ES 50 2080 0388 21 3110000 502, na cal se



indicará como concepto: «Taxas selección CAPI» e mais o nome, os apelidos e o DNI da persoa aspirante.

Ás persoas aspirantes excluídas do proceso selectivo devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Non obstante, estarán exentas do pagamento da taxa dos dereitos de exame as persoas que estean incursoas nalguna das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3. Discapacidades

As persoas interesadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán solicitar, se for necesario e xustificado, posibles adaptacións de tempo e medios especiais para a realización dos exercicios.

De ser o caso, deberán indicalo na súa solicitude, onde especificarán claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e achegar coa solicitude a documentación acreditativa correspondente.

Cuarta. Admisión das persoas aspirantes

Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución en que se declarará aprobada a relación provisional de persoas admitidas e excluídas inicialmente, xunto coa motivación da exclusión, se for o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.gal.

As persoas aspirantes excluídas inicialmente dispoñerán dun prazo de dez (10) días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

As persoas que, no prazo sinalado, non reparen a causa de exclusión ou aleguen a omisión serán definitivamente excluídas da participación no proceso selectivo.

Ao transcorrer o antedito prazo, a Presidencia ditará unha nova resolución pola que determine a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa. A estimación ou desestimación das emendas achegadas entenderase implícita nesta resolución definitiva e a súa publicación servirá de notificación a quen presentase alegacións.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados ambos os dous prazos desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, a persoa interesada decaerá en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación neste procedemento.

Quinta. Tribunal cualificador

5.1. Composición.

O tribunal cualificador das probas selectivas será designado pola Presidencia da Cámara de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia. Non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo ou da escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá unha titulación inferior á exixida para a admisión nas probas. Na súa composición débese atender aos principios de imparcialidade e de profesionalidade e ás normas de igualdade de mulleres e homes.

A resolución do nomeamento do tribunal publicárase na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.gal.

O tribunal poderá acordar solicitarlle á Oficialía Maior a incorporación de persoas asesoras especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide necesario, quen se limitarán a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales persoas asesoras deberáse comunicar á Presidencia do Parlamento de Galicia.

5.2. Abstención e recusación

Os membros do tribunal deberanse abster ou poderán ser recusados por calquera persoa interesada, e particularmente polas persoas aspirantes, cando concorran algúns dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou cando se realizasen tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo ou á escala a que corresponde a praza obxecto desta convocatoria nos cinco anos anteriores ao da publicación. Neste caso, deberanllo comunicar á Presidencia do Parlamento.

Cando se produza esta situación e, consecuentemente, a vacante dun membro do tribunal titular, a persoa suplente cubrirá o devandito posto e a Presidencia designará unha persoa suplente.

A persoa que presida o tribunal, na sesión de constitución formulará e solicitará dos membros do tribunal unha declaración expresa de non se atoparen incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas previstas nestas bases.

5.3. Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da maioría dos seus membros e será necesaria, en todo caso, a presenza do presidente ou presidenta e do secretario ou secretaria.



As decisións do tribunal adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta, coa sinatura do secretario ou secretaria e o visto e prace do presidente ou presidenta.

Correspóndenlle ao tribunal cualificador as funcións relativas á determinación concreta do contido dos exercicios e a cualificación das persoas aspirantes, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. O tribunal queda facultado para resolver todas as dúbidas que xurdan na interpretación e na aplicación das normas contidas nas bases desta convocatoria e para determinar a actuación procedente nos casos non previstos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas que permitan que as persoas aspirantes con algunha discapacidade, que así o indicasen na solicitude, poidan participar nas probas en igualdade de condicións con respecto ao resto das persoas participantes.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Será nula de pleno dereito calquera proposta de selección que o contraveña.

Para os efectos de comunicacións e de posibles incidencias, o tribunal cualificador terá a súa sede no domicilio oficial do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela.

Sexta. Proceso de selección

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

6.1. Fase de oposición

A fase de oposición da proba selectiva constará de dous exercicios obrigatorios e eliminatorios, salvo a excepción sinalada máis adiante para o segundo exercicio. Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo I a estas bases.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, na data de publicación do nomeamento do tribunal, estean publicadas oficialmente no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que fosen derogadas parcial ou totalmente, nas condicións temporais do parágrafo anterior, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total.

6.1.1. Exercicios

Primeiro exercicio

Constará de dúas partes:

Primeira parte: consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas referido ao temario que se inclúe nesta convocatoria. O cuestionario estará



composto por preguntas con tres respostas alternativas, das cales só unha delas será correcta.

No test poderanse poñer ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente. Por cada pregunta incorrecta non se descontará puntuación.

O tempo máximo de duración desta proba será dunha hora (1 h) e valorarase de 0 a 15 puntos.

Segunda parte: consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, para o cal será requisito o manexo das ferramentas informáticas a que se refiren os temas 23, 24 e 25. Polo tanto, esta segunda proba deberá realizarse nun ordenador, que se lle facilitará a cada persoa opositora.

O tempo máximo de duración desta proba será de dúas horas (2 h) e valorarase de 0 a 15 puntos.

Valorarase a correcta utilización das ferramentas informáticas, a maquetaxe do documento, a ortografía, a orde e a claridade da linguaxe administrativa e o axuste do seu contido ao tipo de documento de que se trate.

O tribunal poderá determinar a realización das dúas probas na mesma sesión, sen prexuízo de que poida dispoñer a realización dunha pequena pausa entre unha e outra proba.

A puntuación mínima para superar este primeiro exercicio será de 15 puntos.

Segundo exercicio: só para as persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio.

Consistirá na realización de dúas traducións, unha do castelán cara ao galego e outra do galego cara ao castelán, durante o prazo máximo dunha hora (1 h).

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o nivel Celga 4 ou de perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Os documentos que xustifiquen a exención (orixinais ou fotocopias compulsadas ou documentos verificables electronicamente), de non constaren en poder da Administración parlamentaria, deberán ser presentados polas persoas aspirantes que superen o primeiro exercicio no prazo máximo de tres (3) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación das cualificacións.

Coa convocatoria para a realización deste exercicio publicarase unha listaxe das persoas que están obrigadas a facelo. A non-aceptación da solicitude de exención entenderase implícita na inclusión nesta listaxe e a súa publicación servirá de notificación a quen teña solicitada a exención.



6.1.2. Desenvolvemento dos exercicios

O primeiro exercicio deberase realizar no prazo máximo de corenta (40) días hábiles contados desde o día seguinte ao da constitución do tribunal.

Entre a realización dun exercicio e o seguinte deberán transcorrer un mínimo de cinco (5) días hábiles.

A convocatoria para a realización dos sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal e publicaráse na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.gal polo menos corenta e oito (48) horas antes da data e da hora sinaladas para o seu inicio.

As persoas aspirantes deberanse presentar, para a realización de cada exercicio, provistas do documento nacional de identificación ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

As persoas aspirantes serán convocadas para a realización de cada exercicio nun único chamamento, e será excluída da oposición quen non compareza.

Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras designadas por este, se for o caso.

Os exercicios distribuiranse en galego. Porén, tamén se lles distribuirán en castelán ás persoas aspirantes que así o soliciten.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

Se nalgún momento do proceso selectivo o tribunal ten coñecemento de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos na convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar proceder á súa exclusión.

Os exercicios realizados non levarán ningunha marca ou sinal que permita identificar a súa autoría. O tribunal facilitará a cada persoa aspirante dous sobres para introducir de xeito independente o exercicio realizado e a identificación do seu autor ou autora. Os sobres pecharanse e gramparanse conxuntamente, diante da persoa interesada.

As persoas aspirantes non poderán acudir ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, obxectos ou demais dispositivos de carácter electrónico.

As persoas participantes poden presentar, nos tres días hábiles seguintes á realización de cada exercicio, as reclamacións que estimen oportunas referidas ás preguntas e o seu contido.

Se o tribunal, de oficio ou con base nalgunha reclamación, anula algunha das preguntas do cuestionario tipo test, substituiranse, por orde, polas de reserva incluídas no mesmo cuestionario. Esta decisión publicaráse xuntamente coas cualificacións do exercicio.



Ao remate das probas que consistan na contestación dun cuestionario, cada persoa aspirante poderá anotar e levar a relación das súas respostas.

6.1.3. Cualificacións

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes á realización do exercicio tipo test publicarase o seu contido e as respostas correctas na páxina web corporativa.

As cualificacións dos exercicios publicaranse na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da Administración parlamentaria.

A cualificación total do primeiro exercicio será o resultado da suma das puntuacións da primeira e da segunda parte. Para poder superar este primeiro exercicio e poder realizar o segundo será necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos.

O segundo exercicio cualificarase como apto ou non apto, e para superalo será necesario obter o resultado de apto, sen prexuízo das excepcións establecidas no punto 6.1.1.

Só superarán a fase de oposición as persoas aspirantes que superen o primeiro exercicio e acaden a cualificación de apto no segundo.

A cualificación acadada na fase de oposición será a puntuación total do primeiro exercicio, que se sumará á puntuación da fase de concurso.

Unha vez rematada a corrección dos dous exercicios, a puntuación da fase de oposición publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.gal. Concederase, a partir dese momento, un prazo de dez (10) días para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas ante o tribunal.

6.2. Fase de concurso

6.2.1. Acreditacións

A documentación acreditativa dos méritos alegados deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Os méritos a que se refire o punto 3.1.b), de non constaren en poder da Administración parlamentaria, acreditaranse coa seguinte documentación:

— O servizos prestados noutras administracións públicas, así como os dereitos de conciliación exercidos nese período, mediante unha certificación da unidade de persoal do organismo correspondente. Xunto co certificado achegarase a documentación acreditativa debidamente compulsada dos méritos nel reflectidos, entre a cal se atopará o nomeamento como persoal funcionario, como interino ou como contratado administrativo, ou ben o contrato laboral.

— Os cursos de formación, mediante a presentación do orixinal ou a copia compulsada do documento acreditativo da súa realización, onde debe figurar o número de horas de duración do curso.



Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido neste punto ou as que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

No caso de presentación por sede electrónica, estarase ao disposto no parágrafo final da alínea 1 da base terceira.

6.2.2. Valoración dos méritos

A puntuación máxima da fase de concurso será de 20 puntos.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar a fase de oposición.

A fase de concurso consistirá en valorarlles ás persoas aspirantes que superen a fase de oposición os seguintes méritos:

a) Antigüidade e experiencia profesional, ata un máximo de 6 puntos:

a.1. Por servizos prestados como persoal funcionario de carreira no extinto grupo E ou no actual grupo D no Parlamento de Galicia: 0,020 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillas/os e familiares.

a.2. Por servizos prestados como persoal funcionario de carreira nos distintos corpos doutras administracións públicas nos grupos a que fai referencia a alínea anterior: 0,010 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia por coidado de fillas/os e familiares.

b) Postos similares, ata un máximo de 3 puntos:

Polo traballo desenvolvido na administración pública en anteriores postos, en materias relacionadas co posto a que se opta: 0,050 puntos/mes.

c) Grao persoal consolidado, ata un máximo de 2 puntos:

— Nivel 16: 1 punto

— Nivel 17: 2 puntos

d) Exercicio de dereitos de conciliación, ata un máximo de 1 punto:

Contabilizarase a conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

— Permiso por parto, adopción ou acollida (artigos 121 e 122 da LEPG): 0,20 puntos.

— Permiso do outro proxenitor por parto, adopción ou acollida (artigo 124 da LEPG): 0,20 puntos.



— Redución de xornada (artigo 59.1.f do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia): 0,04 puntos/mes.

— Excedencia para o coidado de fillas/os e familiares (artigo 176 da LEPG): 0,04 puntos/mes.

Os meses computaranse por días naturais (30 días).

e) Formación, ata un máximo de 8 puntos:

Pola realización de cursos de formación impartidos por instancia da Administración parlamentaria, por outras administracións públicas, escolas oficiais de formación das comunidades autónomas e universidades ou por outras entidades, sempre que, neste último caso, os cursos contén cunha homologación oficial.

Para estes efectos valoraranse os cursos realizados sobre procedemento administrativo, arquivo, atención á cidadanía, seguranza e saúde laboral, contratación administrativa, xestión administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador, responsabilidade patrimonial, linguaxe administrativa, informática, idiomas oficiais da Unión Europea e calquera outra materia relacionada coas funcións propias deste tipo de postos de traballo.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

— Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,50 puntos por curso.

— Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 1,00 puntos por curso.

— Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas: 1,5 puntos por curso.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, nin os cursos inferiores a 12 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

6.2.3. Publicación das puntuacións

As puntuacións obtidas na fase de concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.gal e no taboleiro de anuncios do Parlamento de Galicia, con posterioridade á publicación das cualificacións do último exercicio da fase de oposición.

As persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar perante o tribunal as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

Sétima. Listaxe das cualificacións finais

7.1. Ao rematar as probas, o tribunal emitirá unha resolución cos resultados obtidos por cada persoa aspirante nas fases de concurso e de oposición e a suma total dos puntos, que



se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web corporativa. Só superará as probas a persoa aspirante que obteña a maior puntuación.

Na mesma resolución o tribunal elevaralle á Mesa do Parlamento unha proposta en favor da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, resolverase a favor da persoa que obtivese a puntuación máis alta na segunda parte do primeiro exercicio. De continuar o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida na primeira parte do primeiro exercicio e, se continúa, acudirase á puntuación acadada na fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido comezando pola letra L, de conformidade co sorteo realizado e publicado na web corporativa.

7.2. A Mesa do Parlamento adoptará o acordo de finalización do proceso selectivo e de aprobación do seu resultado, co ingreso da persoa proposta no corpo administrativo do Parlamento de Galicia. Este acordo publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa e notificaráselle á persoa seleccionada.

Oitava. Presentación de documentos

A persoa seleccionada deberá presentar ante a Presidencia do Parlamento, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria, no prazo de vinte (20) días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia, a seguinte documentación:

A copia cotexada do título exixido, da certificación de ter aprobadas as probas referidas na base segunda, alínea b) ou da certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a súa obtención, sempre que non consten en poder da Administración parlamentaria. No caso das titulacións obtidas no estranxeiro, deberán presentar a credencial da súa validación ou homologación.

Se, dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presenta a documentación ou se, despois de examinala, se deduce que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, a persoa non poderá ser promovida e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incurrir por falsidade na solicitude inicial.

Novena. Nomeamento

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, a persoa seleccionada será nomeada por resolución da Presidencia como persoal funcionario do corpo administrativo do Parlamento de Galicia. Este nomeamento notificaráselle á persoa interesada e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na web corporativa www.parlamentodegalicia.gal.

O persoa funcionaria deberá tomar posesión, ante a Presidencia do Parlamento, do posto que se lle asigne dentro do prazo dun mes desde a notificación do nomeamento.

A falta de toma de posesión dentro do prazo, imputable á persoa interesada, producirá o decaemento do seu dereito a ocupar a praza obxecto deste proceso selectivo



Décima. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

ANEXO I

Temario do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

1. O Regulamento do Parlamento de Galicia: natureza e estrutura.
2. Os órganos parlamentarios: a Presidencia, a Mesa, as comisións, as ponencias, o Pleno, a Deputación Permanente e a Xunta de portavoces. Os grupos parlamentarios. A xestión administrativa da súa actividade.
3. O funcionamento do Parlamento: a orde do día, as sesións e os debates.
4. O procedemento lexislativo ordinario. Os proxectos e as proposicións de lei. A súa tramitación administrativa.
5. Os procedementos lexislativos especiais. A súa tramitación administrativa.
6. Os diversos procedementos parlamentarios: a investidura, a moción de censura e a cuestión de confianza.
7. As interpelacións e as preguntas. As proposicións non de lei e as mocións. A súa xestión administrativa.
8. Os debates xerais, as comparecencias e as sesións informativas.
9. A lei: concepto e clases. Disposicións do Executivo con forza de lei: decretos-lei e decretos lexislativos.
10. O regulamento: clases. Fundamento e límites da potestade regulamentaria.
11. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto administrativo. Suceso, obxecto, causa, fin e forma. Eficacia. Executividade e suspensión. Nulidade e anulabilidade. Revogación e revisión de oficio.



12. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.
13. Iniciación, ordenación, instrución e finalización do procedemento administrativo.
14. Os recursos administrativos: concepto e clases. Requisitos xerais. Materias impugnables, lexitimación e órganos competentes. Recurso de alzada, de reposición e de revisión.
15. A contratación administrativa na Administración parlamentaria. Elementos e clases dos contratos. Formas de adxudicación.
16. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.
17. A autonomía administrativa do Parlamento. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.
18. O persoal ao servizo da Administración parlamentaria. Clases de persoal. Os sistemas de acceso e de provisión. Dereitos e deberes. O réxime disciplinario.
19. As situacións administrativas e o réxime de incompatibilidades do persoal da Administración parlamentaria. Extinción da relación funcionarial.
20. A normativa autonómica do traballo en igualdade en Galicia.
21. O sistema retributivo do persoal da Administración parlamentaria. Nóminas: estrutura e normas de confección. Altas e baixas.
22. O procedemento financeiro da execución do orzamento de gasto. Órganos competentes. Fases do procedemento.
23. Coñecemento e práctica das ferramentas ofimáticas Word e Excel.
24. Coñecemento e práctica da ferramenta ofimática Outlook.
25. Coñecemento e práctica da ferramenta ofimática Adobe.



ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
NOME DA VÍA			NÚMERO	ANDAR PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO		ENDEREZO ELECTRÓNICO		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				
Medio de notificación preferente				
<input type="checkbox"/> Electrónico , a través da ligazón da Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada.				
<input type="checkbox"/> Postal (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)				
NOME DA VÍA			NÚMERO	ANDAR PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	



OBXECTO DA SOLICITUDE:**Participación na convocatoria do PROCESO SELECTIVO:****DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- Fotocopia do DNI
- Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel exixido
- Xustificante de ter aboados os dereitos de exame
- Acreditación do grado de discapacidade superior ao 33 %, polo que se solicitan as adaptacións indicadas en observacións
- Declaracións segundo os modelos anexos que figuran nas bases
- Outros

OBSERVACIÓNS:

- A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos, que serán incorporados ao rexistro da actividade de tratamento denominada «Procesos selectivos», cuxa **finalidade** é a xestión de selección de persoal, **lexitimada** polo cumprimento das obrigas legais. **Destinatarios:** non está prevista a cesión de datos. **Dereitos:** as persoas solicitantes poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento xeral de protección de datos, a través da páxina web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos>, na que dispoñen de **información adicional**.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases da convocatoria dos procesos selectivos
 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
 Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
 Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia
 Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
 Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP)
 Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de
--	---	--	----	--	----

Presidencia do Parlamento de Galicia



Anexo III

Declaración responsable dos méritos que se alegan para participar no proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

D./D^a

aspirante a participar no proceso selectivo para a cobertura dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, que ocupa o posto de do corpo auxiliar nesta administración,

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que os méritos que se relacionan son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente nas acreditacións que se achegan, ou ben xa constan en poder da Administración parlamentaria.

a) Antigüidade

a.1. Servizos prestados como persoal funcionario de carreira do Parlamento de Galicia no extinto grupo E ou no actual grupo D (para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillas/os e familiares).

Posto:Grupo:Tempo:meses.

Posto:Grupo:Tempo:meses.

a.2. Servizos prestados como persoal funcionario de carreira nos distintos corpos doutras administracións públicas nos grupos a que fai referencia o punto anterior.

Administración pública de :.....

Posto:Grupo:Tempo:meses.

Administración pública de :.....

Posto:Grupo:Tempo:meses.

b) Traballo desenvolvido na administración pública en anteriores postos, en materias relacionadas co posto a que se opta.

Administración pública de :.....

Posto:Grupo:Tempo:meses.

c) Grao persoal consolidado:



d) Conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Os meses computaranse por días naturais (30 días).

d.1. Tempo de permiso por parto, adopción ou acollida: meses.

d.2. Tempo de permiso do outro proxenitor por parto, adopción ou acollida: meses.

d.3. Tempo de redución de xornada: meses.

(artigo 59.1.f do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia)

d.4. Tempo de excedencia para o coidado de fillas/os e familiares: meses.

(artigo 176 da LEPG)

e. Formación

Denominación do curso	Entidade que o imparte	Ano de realización	de Horas de duración

Santiago de Compostela,de.....de 2019
(Sinatura)

Anexo IV

Declaración responsable

D./D^a.....con DNI

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que non foi separado/a do servizo de ningunha administración pública mediante expediente disciplinario nin está inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

Asina esta declaración para os efectos de participar no proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela,de.....de 2019
(Sinatura)



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros en relación coa publicación do acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de xullo de 2019, sobre a Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

Advertida a omisión da publicación do devandito acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, procede efectuala nos seguintes termos:

«A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

-52134 (10/PPLR-000004)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira


Presidente»

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

